



Palabras vitales

Margarita Saldaña Mostajo, Ed. Sal Terrae, Madrid, 2024

Hai unha falta de palabras no noso mundo. Parece unha contradición cando asistimos actualmente a unha sobrecarga de datos nas redes sociais e a unha saturación de información, a unha comunicación superficial desenfreada. Hai moita verba e lería, mais a palabra que consola, salva e acaricia, está a escasear nos días de hoxe. Talvez por iso Margarita Saldaña titulou o seu libro, *Palabras vitales*, para designar esas voces que teñen a misión de transformar a nosa existencia, unha vez que lles deamos espazo, retirando de dentro de nós calquera elemento tóxico.

Trátase dunha obra bastante breve, de lectura fluída, chea de verdade e sustentada por unha exexese penetrante de textos, tanto do Novo como do Antigo Testamento, que vai

para alén do convencional. A autora analiza e medita algunhas pasaxes do Evanxeo –como a parábola do Bo Samaritano, a figueira estéril ou o encontro entre Xesús e a muller siro-fenicia– dunha forma tan creativa e profunda que nos sorprende ao dicir, por exemplo, que a conversión é camiñar para a mellor versión de nós mesmos a fin de sermos cada vez máis como Deus nos soña. Ou que, na verdadeira fraternidade, as diferenzas non son suprimidas, senón reconciliadas en Cristo.

Nove palabras, cada unha nun capítulo, en que a escritora comenta o contido espiritual que cada unha delas lle suxire: acougo, tenrura, humanización... Reflexións profundas expresadas nunha linguaxe chea de frescura e beleza; reflexións teolóxicas baseadas

na Escritura, cunha exexese moi orixinal. Todo isto é contado dun xeito incisivo e intelixíbel, con anécdotas, exemplos e análises tan lúcidas que ofrecen ao mundo de hoxe a mensaxe de Xesús dunha forma accesíbel e profunda ao mesmo tempo.

Con só comezar a súa lectura, vese con toda claridade que foi xerada en períodos de oración espida, de contacto prolongado coa Palabra de Deus e como resultado dunha meditación continua desa Palabra. Margarita Saldaña «remoeu» as Escrituras con todo o seu ser, alma e corazón, e iso levouna a escribir páxinas en que un Deus vivo e moi próximo aparece no medio da vida cotiá.

Como ela mesma o expresa, a palabra que resoa dentro de nós, lánzanos para fóra de nós ao encontro cos outros e, lonxe de ficarmos fechadas en nós mesmas, envíanos nunha mística de ollos abertos e mans estendidas. Isto é, a experiencia de fe condúcenos a unha fraternidade universal, que vemos como unha utopía, aínda que a distancia existente entre o que vivimos agora e o que desexa-

mos, pode ir sendo reducida polo camiño do acollemento e da reconciliación. Velaí un desafío para a Igrexa sinodal: sacerdotes, leigos e leigas, relixiosos e relixiosas, vida contemplativa. Por iso, non podía faltar unha entrada sobre a sinodalidade, pois mentres o mundo enteiro está a facer o camiño de Santiago, a Igrexa camiña para a *koinonía*.

Ao longo de toda a obra percíbese un sinal marcadamente eclesial, con abondas citas bíblicas, referencias ao ensino e á praxe do Papa Francisco e algún aceno ocasional a Charles de Foucauld, con cuxa espiritualidade a autora se identifica plenamente. Tamén se destacan coma unha frecha certa no branco dúas brevísimas notas sobre a Eucaristía en relación coa fraternidade, motivándonos a participar con fe renovada no sacramento do altar, tantas veces vivido como un rito rutineiro: *A mesa eucarística tórnanse a mesa da tenrura, cuxos comensais están atentos ás necesidades dos outros e dispostos a servilos; e a dimensión eucarística da fraternidade impélenos sen pausa a traballar para que toda a humanidade teña acceso*

ao pan que o Pai común quere distribuír sen medida: os bens da terra, os dereitos, a palabra, a xustiza, o coidado, a hospitalidade, o sentido...

Estas palabras vitais funcionan como «portas vitais» que nos introducen nun lugar de esperanza e de revelación. Ou poida que nun «anti-lugar», coma o curruncho de Nazaré, do cal nada se espera, mais que ten a capacidade de xerar vida. As voces escollidas como epígrafes non son o máis relevante, na medida en que non se trata dunha especulación intelectual sobre estes temas, mesmo na sección titulada Sobriedade, o termo non aparece nin sequera unha vez. Unha posíbel orientación da obra é levarnos moito máis lonxe, ou sexa, voar sobre a letra para que o novo xurda no Espírito; mergullarmos no afecto de Xesús, afastándonos de todo o que respira mediocridade; vivir o cotián a partir dunha dimensión profunda do Misterio, na abertura aos nosos irmáns e irmás. É dicir, o místico e o social camiñan xuntos.

Margarita partilla as súas experiencias de fe e convídanos a continuar profundando

no que se foi movendo en cada un de nós ao longo da nosa lectura. Para iso, no final de cada capítulo, hai algunhas preguntas que nos abren un espazo para descansar no que lemos e deixar que esas palabras teñan vida propia. Como experiencia persoal, atévome a partillar que, mentres lía o libro, aparecían textos da Biblia que foran proclamados na liturxia dese mesmo día ou que xustamente se describía na historia unha situación vital que me estaba a acontecer naquel momento: por exemplo, o peregrino que petou na porta do mosteiro a unha hora impropia, á noite, un pouco antes da oración das Completas, cando eu estaba a ler o capítulo sobre a Tenrura e o acollemento do Bo Samaritano. Así, ofrecínlle aloxamento cun sorriso, a pesar da súa hora inoportuna. En fin, asociacións vitais do espírito que escapan á nosa comprensión ou... a vida na Palabra?

Finalmente, un toque monástico relacionado coa beguina e máis tarde monxa cisterciense do mosteiro de Helfta, Mechthild Magdeburg. No inicio do seu libro «A luz fluente da divindade», a mística alemá

do século XIII advirte que cómpre lelo nove veces, ou sexa, ler e reler, para o comprender completamente. Xoga co simbolismo numérico de tres veces tres como imaxe do misterio da Trindade na súa plenitude. Non sei se Margarita Saldaña pensou no contido simbólico

do número para narrar as súas nove palabras, mais o que fai é deixar o texto en aberto para que ti, caro lector, escribas a décima palabra.

Paula Téllez
Mosteiro de Sta. María de
Armenteira